

Alfonso Prada Allo

A SÉ OURENSÁ E OS LIBROS IMPRESOS NO SÉCULO XV

Os primeiros estudos sobre o establecemento da imprenta en Galicia sinalaban a don Francisco de Zúñiga como promotor desta industria. Hoxe, sen deixar o plano da hipótese, aínda se pode soste a proposta e recuperar elementos que a reforzan: nun documento publicado por Ferro Couselo aparece Gonzalo Rodríguez de la Pasera, escribán de libros de moldes, residente no castelo de Monterrei, como testemuña na demanda presentada polo abade do mosteiro de Celanova contra don Francisco de Zúñiga o 16 de setembro de 1491. A presenza do tipógrafo en Monterrei tería que ser anterior e manteríase para despachar os encargos do señor, entre os que Rey Soto suxire un *Memorial* dirixido á Corte dos Reis Católicos no que don Francisco exporía a súa posición ante as diferenzas familiares dos Zúñiga. Pero só coñecemos a sinatura de Pasera en dous produtos de seu: o *Misal auriense* –en sociedade con Porras– e a *Folla de reliquias* da Catedral de Santiago de Compostela, datada por Norton nos primeiros anos do século XVI.

A teoría da iniciativa civil na implantación da imprenta non vai máis alá, en canto o bispado ourensán aparece como impulsor da produción editorial no período incunable.

Foi no pontificado de Antonio Pallavicino Gentile, entre 1486 e 1507, cando se estampou o “posible” –para Odriozola– *Sacramental auriense* impreso antes de 1489, do que hai noticias nunha visita pastoral iniciada en xuño dese ano; acometeuse a publicación do *Misal auriense* impreso por Porras e Pasera en 1494 –existen dous exemplares, un en papel na Biblioteca Nacional de Madrid e outro en pergamino na Catedral de Ourense–; algunha posible impresión anterior do mesmo, da que hai referencias que non vou traer aquí; o *Breviario auriense* composto cara 1495 por Gherlinc en Monterrei –segundo Odriozola, que identifica dúas follas en 4º custodiadas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra– ou, mesmo, a edición do misterioso *Breviario Auriense*, datado na segunda metade da década dos oitenta, que se conserva na catedral ourensá sen colofón nin noticias que o documenten. No mesmo episcopado circulou a *Bulla indulgentiarum* de Inocencio VIII, concedida á catedral auriense e impresa a finais dos oitenta segundo Haebler ou máis adiante segundo Norton, coa mesma tipografía do

Breviario bracarense de Gherlinc; da bula consérvase un exemplar na biblioteca da Hispanic Society of America, en Nova York. A penas deixando o século xv, para pechar o período incunable, o Bispado encargou o breviario impreso en Salamanca en 1501 por Porras e Gherlinc, do que se conserva un exemplar na Catedral de Toledo, e un certificado de confraternidade e sumario de indulxencias que imprimiu Gherlinc en 1503; deste último gárdanse tres exemplares no Arquivo da Catedral de Ourense.

Gentile –Antonio Pallavicino, Antonio Gentile Pallavicini ou Antoniotto Pallavicini, como aparece en distintos textos– nunca residiu na diocese ourensá, polo que habería que atender a outros nomes ilustres que puideron estar en torno á decisión, repetida ao longo dos últimos anos do século xv, de imprimir determinados libros litúrxicos. Entre eses nomes estaría o vicario xeral, Juan de Deza –representado no seu sepulcro cun libro que colle sobre o peito–, ou Esteban Rodríguez de Muros, provisor do bispo nos sínodos de 1497 e 1501, enfrontado daquela con Deza.

Dos incunables ourensáns quedan poucos exemplares e o aporte da diocese á nómina de autores da segunda metade do xv non é de máis. Por iso chama a atención que no catálogo de bibliotecas prestixiosas –universitarias de Oxford e Sevilla, Instituto Cervantes..., moitas en varios países– aparezan incunables baixo un encabezamento coa indicación “Bispo de Ourense”. Son distintas edicións de *Fortalitium fidei*, obra de Alfonso de Espina, publicadas sucesivamente entre a década dos sesenta e a dos noventa. O autor nunca foi bispo de Ourense: o erro que afecta a bastantes coleccións de incunables ven arrastrado desde o *Gesamtkatalog der Wiegendrucke*, onde se confunde a Alfonso de Espina con Alfonso López de Valladolid que efectivamente foi prelado da diocese. A autoridade do repertorio fixo que se dera por boa a información que pasou aos catálogos desas bibliotecas. No *Unified index of authors, works, and identifications* compilado por Richard Sharpe –existe unha versión online:

<<http://www.history.ox.ac.uk/sharpe/index.htm>>–, localizouse o erro, que aínda persiste na maioría dos casos.

O outro elemento da confusión do *Gesamtkatalog*, Alfonso López de Valladolid, foi titular da diocese entre marzo de 1466 e agosto de 1468, e tamén tivo relación directa co mundo do libro, anque non do impreso: como respectado profesional da medicina, foi médico do rei Juan II de Castela e do arcebispo de Santiago de Compostela; este, don Lope de Mendoza, encargoulle un *Regimiento contra la pestilencia*, que se conserva en dous segmentos distribuídos no MS 6370 da Biblioteca Nacional de Madrid. A obra non chegou ao prelo ata a edición de Marcelino V. Amasuno (Valladolid: Universidade, 1988).



Antonio Pallavicino Gentile. Retrato ó óleo sobre lenzo realizado por Sebastiano del Piombo. Museo Pushkin, Moscú.



Juan de Deza. Sepulcro na Catedral de Ourense